

6MPasos

Simboloxico Vol.2

Dossier de exposición



O Camiño de Santiago é o camiño máis antigo e importante do noso continente. É un camiño que uniu e vertebrou Europa ao longo da Historia, e séguelo a facer coa actual Unión Europea. Un camiño cun destino claro e que lle dá nome: Santiago de Compostela.

Pero, ¿onde comeza o camiño? Se saísemos da cidade compostelá poderíamos desandar moitos dos camiños de Santiago sen atopar un final claro. Non hai un comezo para o camiño, o camiño comeza onde comeza a viaxe a Compostela. E a nosa viaxe europea comeza xustamente onde acaba Europa. En Nordkapp.



O Proxecto

6M Pasos é unha viaxe desde o punto máis boreal da Europa continental, o cabo de Nordkapp en Noruega, ata a cidade galega de Santiago de Compostela, seguindo un dos trazados do Camiño de Santiago. A viaxe está protagonizada por dous mozos, Juan Rivas “Coru” e Andrés Fraga, que percorreron 6.000 km a pé a través de diferentes países da Unión Europea, visitando as cidades e lugares máis representativos do Camiño. Desde os -10C° da planicie polar de Laponia ata as terrazas soleadas de Riga, as diferentes paisaxes, culturas, linguas e arquitecturas, xunto coas experiencias que os dous protagonistas narran en primeira persoa, conforman unha visión galega e en galego da Europa na que vivimos.

Os protagonistas son ao mesmo tempo narradores, creando imaxes espontáneas e cotiás dunha viaxe, sen esquecer a calidade técnica e estética das grandes paisaxes naturais e urbanas.

Gracias á ausencia de produción ou dun grande despregue de medios e persoas, os protagonistas situáronse nun plano emocional moito máis próximo ao público. A experiencia narrada ao longo dos seis meses de viaxe foi a mesma que podería vivir calquera outro peregrino, e esa será a sensación coa que o espectador seguirá as aventuras e desventuras dos protagonistas.



A Exposición

A mostra afronta os 7 meses da viaxe dunha maneira reflexiva. Tendo en conta que toda a viaxe se transmitiu en tempo real a través das redes sociais, non se busca sinxelamente un traslado do formato dixital ao físico. A montaxe, usando fotos de gran tamaño, obxectos reais, texto, video, son e mapas, busca ofrecer unha ollada máis meditada sobre os acontecementos e as sensacións que xurdiron no camiño.

A exposición incluírá tanto material inédito como pezas que xa se foron publicando na Rede durante o camiño. O espectador, tanto o que seguiu o proxecto no seu momento como o que se atopa con el por primeira vez, poderá gozar dunha selección de paisaxes e momentos desta aventura que non buscan tanto narrar a viaxe dun xeito liñal, senón reflectir as experiencias e as sensacións que unha aventura como esta implica.

A exposición incluírá catro formatos diferentes: **Grandes copias fotográficas, pequenas imaxes, obxectos e proxeccións.**



Fotografías

A parte máis importante da exposicións serán as 29 copias fotográficas de 100x70 montadas sobre aluminio e bastidor. O tamaño e a gran calidade do soporte acompañan á perfección a unhas imaxes nas que a paisaxe é a protagonista.





Imaxes

142 pequenas imaxes dentro de marcos de madeira crean un muro no que se mostran as imaxes mais cotiás da viaxe. Estas imaxes, realizadas cos teléfonos móbiles son as mesmas que se foron subindo a rede durante a aventura. A colocación sobre unha parede fai unha clara referencia o “muro” do Facebook. Nesta zona o visitante achégase a vida diaria do camiño.



Os obxectos

Durante toda a viaxe moita xente amosou curiosidade sobre como levavamos as cousas, canto pesaba a mochila, como durmiamos na tenda e, en certa maneira, como era a nosa vida no Camiño.


A inclusión de obxectos clave da viaxe, como unha das mochilas que fixeron todo o percorrido co peso que levavamos para que a xente poida erguela, un dos carriños que se utilizaron durante as etapas de Alemaña, Suíza e Francia para levar o equipo, ou a tenda de campaña utilizada sitúan ao espectador no día a día dos viaxeiros, e permítenlle pórse na pel dos camiñantes e comprender un pouco mellor como se sentían.



As proxeccións

Duas proxeccións dotarán de movemento e son á mostra. A primeira delas, colocada sobre a entrada, proxectará sobre o chan unha sucesión de imaxes que mostran a visión que os camiñantes tiñan dos seus pés ao camiñar polas diferenes superficies sobre as que deron os seus 6 millóns de pasos. A segunda, proxectada sobre unha parede, mostrará unha mesma escea, na que un dos camiñantes aparece en plano pola dereita e cruza a escea ata saír pola esquerda. Nos diferentes planos repítese a mesma escea variando o fondo.

Estas proxeccións recollerán o espírito do proxecto “6mpasos”, simbolizando os 6 millóns de pasos, e mostrando todas as paisaxes percorridas.



Montaxe





www.simboloxico.com
info@simboloxico.com

Rua de San Pedro, 36 Baixo
15703 Santiago de Compostela